

MEGABIBLIOTECA

Recomenda...

DEPARTAMENTO DE LINGUA
CASTELÁ E LITERATURA

SABOREANDO EL CIELO

Ibtisam Barakat



860-3

BAR
sab

nºRex: 24.558

Breve resumo

Poderosas e demoledoras memorias que reflicten a infancia da autora nun mundo feito anacos pola guerra: a fuxida da súa casa e a separación da súa familia cando estala a Guerra dos Seis Días; a dura vida dos refuxiados palestinos; a inesperada alegría ao coñecer o alfabeto árabe... A lingua será o seu refuxio

Razóns polas que se recomenda

Unha obra que nos transporta á máis “rabiosa actualidade”, dito isto con todo o sentido da palabra, que nos permite coñecer de primeira man a realidade da vida cotiá nos territorios palestinos ocupados polo exército israelí. Un relato que non fala de exércitos, organismos internacionais ou políticos, senón da xente á que lle tocou vivir nesas terras que un día foron o berce das civilizacións contemporáneas.

A quen vai dirixido

A todos aqueles que vén con preocupación como a guerra en Palestina e Líbano copa os titulares da prensa diaria, con cifras de mortos, feridos e desprazados, que agochan historias desgarradoras, froito de políticas criminais. A todos os que senten empatía polos que viven rodeados de inxustizas, violencia e destrución, pero que aínda así sacan forzas para afrontar o día a día con esperanza dun futuro en paz.